



A **Carreira Profesional** é o recoñecemento expreso e de forma individualizada do desenvolvemento acadado polxs profesionais en canto a coñecementos, experiencia nas tarefas asistenciais, docencia e investigación, o cumprimento dos obxectivos e o compromiso coa organización na que presten os seus servizos. Estruturada en 4 graos en función da antigüidade de cada profesional. A avaliación positiva xera o dereito á percepción dun **complemento retributivo**

A **Carreira Profesional** non é un recoñecemento do vínculo laboral: é igual para o persoal fixo ou temporal.

A **Carreira** é un recoñecemento individual por iso defendemos que ten que situar a cada unha/un no grao que lle corresponde mediante un sistema de encadre.

Desde a CIG-SAÚDE esiximos a negociación dunha Carreira Profesional sen discriminación. A Administración e as Organizacións Sindicais asinantes da acta teñen que rectificar xa que a acta consolidada consolida a discriminación e impide unha negociación real:

(acta asinada) 1º Bases da carreira ordinaria do persoal do Servizo Galego de Saúde.
Procederáse a negociación das bases da carreira ordinaria de todo o persoal do Servizo Galego de Saúde, que deberá estar rematada no mes de xuño de 2018.

Para CIG-SAÚDE esta base é certa, xa que a todo o persoal se lles esixe un desempeño profesional en consonancia coa estratexia do SERGAS.

(acta asinada) 2º Sistema Transitorio de encadre.
En relación coas citadas bases de carreira ordinaria contemplárase un sistema transitorio de encadre por unha soa vez, a un único grao (grao I ou sucesivo) nos termos que se determinen.

Para CIG-SAÚDE o sistema de encadre debe situar a cada profesional no grao que lle corresponde en función da súa antigüidade e da súa avaliación positiva.

(acta asinada) 2º Sistema Transitorio de encadre.
O recoñecemento deste grao requirirá un mínimo de permanencia como persoal estatutario.

CIG-SAÚDE xa denunciou que antes de iniciar a negociación xa deixaron fora ao persoal temporal. Esperamos que recoñecan que o persoal temporal ten dereito á carreira, rectificar é de sabios.

CIG-SAÚDE denuncia a discriminación do persoal temporal nos SERGAS e solicita a negociación da carreira profesional sen discriminación